

Estrutura da mente humana. Sigmund Freud (1856-1939)

Para dar conta dos fenómenos psíquicos, Freud propuxo un modelo da mente no que se distinguen tres elementos: o id, o ego e o superego.

O id (ello, en castelán): Constitúe a parte máis antiga do psiquismo humano e inclúe todo o herdado pola especie humana ao longo da súa evolución biolóxico-cultural. Componse de estruturas innatas, coas que todo ser humano nace, que constitúen pulsións propias da natureza humana e que, polo tanto, non son adquiridas a través dun proceso de socialización. Estas pulsións innatas propias da especie humana que se encontran aloxadas na parte máis primitiva da nosa mente son os impulsos agresivos e sexuais. Tamén se encontran nesta parte da mente aqueles recordos e desexos de carácter inconsciente que foron, tamén, inconscientemente reprimidos polo individuo.

O ego (eu): O ego xorde a partir do id, baixo a influencia da realidade exterior, do entorno, ao que o individuo se ten que adaptar. Esta é a razón pola que a tarefa fundamental do eu é a autoconservación. *“O ego representa o que poderíamos chamar a razón ou a reflexión, opostamente ao id que contén as paixóns.”* (Freud, El yo y el ello). Así, pois, o ego componse de elementos conscientes (percepción externa do mundo, percepción interna dos procesos mentais, actividade cognitiva-intelectual), preconscientes (recordos non reprimidos) e inconscientes (mecanismos de defensa ante experiencias psíquicas traumáticas).

O superego (supereu): O desenvolvemento da psique humana dá lugar á formación dunha terceira instancia da nosa mente: o superego. Constitúe a instancia moral (normas e prohibicións interiorizadas polo individuo) produto da interiorización da figura paterna. Equivale a una especie de moral elemental que resulta da asimilación das prohibicións familiares: o neno que orixinariamente é amoral (non posúe máis que o id, non reprimido aínda), empeza a percibir as prohibicións familiares que remata por facer súas, interiorizándoas ate facelas conscientes. Xurde deste xeito un elemento na nosa mente que vixía ao ego e reprime ao id.

Este esquema da mente humana pon de manifesto a precaria e conflitiva situación na que se encontra o ego. Efectivamente, atópase permanentemente acosado polas demandas imperiosas das pulsións procedentes do id, os requirimentos ineludíbeis do entorno e as esixencias morais impostas polo superego.

As pulsións ou instintos (Eros e Tánatos): De entre os elementos máis destacados cos que Freud describe o funcionamento da mente humana destacan os impulsos ou pulsións que se localizan no id. Toda pulsión caracterízase por posuír un obxectivo que non é outro que a súa satisfacción (o impulso busca ser satisfeito) e polo tanto ten como finalidade a descarga da enerxía pulsional acumulada. A non satisfacción e o incumprimento deste obxectivo, é dicir, a falla de satisfacción instintivo-pulsional produce unha frustración no individuo.

Nun principio, Freud, defendeu unha concepción dualista dos instintos diferenciando entre as pulsións sexuais e as pulsións de autoconservación. As pulsións sexuais encóntranse moi fragmentadas e dispersas nas primeiras etapas de desenvolvemento do individuo, localizándose en distintas zonas eróxicas do corpo (órganos ou puntos de excitación sexual nos que se localiza o pracer físico). En función da evolución e maduración do individuo, Freud elabora unha teoría

do desenvolvemento da personalidade en base ás distintas zonas do corpo nas que se sitúa a satisfacción do pracer sexual: fase oral (no bebé), fase anal (na infancia), fase fálica (na adolescencia) e a fase xenital (no individuo adulto).

Sen abandonar esta concepción dualista da vida pulsional do ser humano, Freud alterou este esquema a partir das obras posteriores a 1920. A partir destas datas reforma a súa concepción da vida instintiva humana de tal xeito que as pulsións de autoconservación e as sexuais pasan a integrarse nunha única pulsión, o Eros: a pulsión de vida, isto é, a pulsión sexual e afectiva que nos liga aos demais individuos, que tende a buscar a unión e relación cos demais. Ademais, Freud engade a esta unha nova pulsión, o Tánatos, a pulsión agresivo-destrutiva do ser humano. Esta pulsión de morte constitúe a maior ameaza para a existencia da civilización, e polo tanto, para a supervivencia da especie.

O principio de pracer e o principio de realidade: Veñen a ser como unha especie mecanismos psíquicos polos que se rexe o desenvolvemento das pulsións instintivas. O principio de pracer, directamente asociado ao id, establece que toda actividade psíquica ten por finalidade buscar o pracer, mediante a satisfacción das pulsións, e evitar o dispracer, isto é, a non satisfacción do impulso que xera dor física ou frustración. Por pracer entende Freud a diminución da excitación pulsional que acompaña a enerxía instintiva, é dicir, reducir a tensión acumulada por medio da descarga da enerxía pulsional.

O principio de realidade ven ditado polo ego e determina que a busca do pracer non se pode levar a cabo polo camiño máis directo e curto, senón que o ego ten que adecuarse (pola propia necesidade de autoconservación) ao entorno, polo que a procura da satisfacción instintiva esixe aprazamentos e esperas en función das condicións externas. Polo tanto, frecuentemente é necesario diferir a descarga da enerxía pulsional. Deste xeito, xorden as funcións de axuste ou adaptación da satisfacción instintiva en función da realidade circundante.

A imaxinación (actividade da mente) permanece sempre subordinada ao principio de pracer. Un exemplo freudiano son os soños, nos que se realiza aquilo que non permiten nin o principio de realidade nin o superego. Esta análise da actividade onírica da mente e da simboloxía que rodea a certas imaxes que asociamos aos soños lévaa a cabo Freud en La interpretación de los sueños.

O principio de realidade ten unha grande importancia para Freud, insistindo unha e outra vez nas súas obras en que constitúe o fundamento do orde social, da cultura e a civilización.